

A pé dos centros e por Internet se recollen firmas en contra do uso das bandexas plásticas no ensino de

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 28 Maio 2014 23:10



Os pais e nais do CEIP Souto Donas mobilizados en rexeitamento do uso de bandexas plásticas nos comedores escolares están a recoller firmas. Queren chegar ás 1000 sinaturas para así presentalas no Concello de Gondomar antes de que se abra o concurso para contratar o novo catering que atenderá aos escolares do municipio. Para iso piden a colaboración da cidadanía para que acompañen [a campaña en change.org](http://a.campaña.en.change.org) e informan que tamén estarán a pé dos coles de todo o Val Miñor con papeletas nas que tamén pódese asinar.

Ao mesmo tempo, abriron unha [enquisa no blog do colectivo](#) co xeito de coñecer en que materiais serven a comida nos distintos centros de ensino do país co obxectivo de abrir a campaña en contra das bandexas plásticas en toda Galicia.